



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DA ALCALDÍA

PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

Visto o disposto nos artigos 4.1.a) e 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 47 do RD. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) e artigo 38 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que segundo o artigo 46.2 a) da LRBRL, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.0001 e 20.000 habitantes, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria con periodicidade bimensual, comezando o cómputo no mes de xaneiro de cada ano.

Segundo.- A sesión terá lugar **o último xoves de cada mes e iniciárase as 20:30 horas**, no Salón de Sesións da Casa Consistorial, **sendo ás 21:00 horas nos meses de maio, xuño, xullo e setembro.**

As sesións que coincidan en xoves festivo ou se atope incluído en período vacacional (Semana Santa) poderán ser alteradas, pasando a convocarse calquera dos días da semana inmediatamente anterior ou posterior.

Asemade a alcaldía pode variar o día e a hora nalgunha sesión nos termos do artigo 20 do Regulamento orgánico municipal.

Terceiro.- Comunicar este acordo a todos os concelleiros e aos encargados dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital

O alcalde

Jose Luis Piñeiro Garcia